

SOLICITUDE DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL QUE APOIE A SINGULARIDADE DOS ESTUDIOS AERONÁUTICOS QUE CONDUCEN A PROFESIÓN REGULADA NO CAMPUS DE OURENSE

O curso 2016/17 comezan a impartirse no Campus de Ourense os Estudos de Enxeñaría Aeroespacial¹. Estes estudos créanse como unha contraprestación a cidade polo peche ilegal da Licenciatura en Física no ano 2009, según sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de febreiro de 2012. Con estes estudos pretende dotarse ao Campus de Ourense dunha carreira do ámbito tecnolóxico que complementa a oferta existente, liderada ata ese momento pola Escola de Enxeñaría Informática, e que contribúa ao desenvolvemento tecnolóxico e industrial da rexión. Ademais a isto únese que na área metropolitana de Ourense está a maior industria aeronáutica de Galicia, COASA, cunha plantilla ao redor de 400 traballadores.

Para dar cobertura administrativa a implantación destes estudos, a Xunta de Galicia crea a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo², dentro da estrutura da Universidade de Vigo e vencellada ao Campus de Ourense. Ademais, a Xunta de Galicia dota dito centro cunha infraestrutura de laboratorios de 2.5 millóns de euros, o que unido a creación da Área de Enxeñaría Aeroespacial por parte da Universidade de Vigo para a contratación de persoal técnico docente, garante o correcto desenvolvemento das actividades formativas.

Actualmente a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo está formando a 150 estudantes, 50 alumnos por curso, e de cara ao vindeiro curso (2019/20) a primeira promoción de estudantes rematará os seus estudos de Grao. Os estudantes que rematen o Grao en Enxeñaría Aeroespacial terán as atribucións profesionais do Enxeñeiro Técnico Aeronáutico, de acordo a orde CIN/308³.

A Escola, para completar os estudos aeronáuticos no Campus de Ourense, está actualmente solicitando a implantación do Mestrado en Enxeñaría Aeronáutica para o curso 2020/21, de forma que os estudantes poidan completar a súa formación no mesmo centro. Estes estudos son tamén unha titulación regulada de acordo a orde CIN/312⁴ e inclúen a exclusividade para asinar proxectos relativos ao ámbito aeroespacial.

En paralelo, a Escola de Enxeñaría de Camiños da Universidade da Coruña, tamén está solicitando o Mestrado en Enxeñaría Aeronáutica para a súa implantación no curso 2020/21, a pesar de non ter os estudos de Grao en Enxeñaría Aeroespacial na súa Universidade, nin unha Escola específica para o seu acollemento. Pódese dicir que non existe no territorio español ningún precedente de impartición do Mestrado en Enxeñaría Aeronáutica nun centro que non posúa o grao de acceso, o Grao en Enxeñaría Aeroespacial.

A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo propúxoselle como solución a este conflito un mestrado conxunto interuniversitario, que rexeitou de raíz aprobando unha proposta

¹https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161121/AnuncioU500-101116-0011_gl.html

²https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170124/AnuncioG0164-160117-0001_gl.html

³<https://www.boe.es/boe/dias/2009/02/18/pdfs/BOE-A-2009-2737.pdf>

⁴<https://www.boe.es/boe/dias/2009/02/18/pdfs/BOE-A-2009-2741.pdf>

individual de Mestrado en Enxeñaría Aeronáutica na súa Xunta de Centro o pasado martes día 7 de maio. O rexeitamento ao mestrado interuniversitario baséase nos seguintes argumentos:

- Non existe no territorio español ningún Mestrado interuniversitario en Enxeñaría Aeronáutica. Incluso en rexións como a Comunidade Autónoma de Madrid, onde coexisten na mesma cidade Escolas de Aeronáutica na Universidade Politécnica de Madrid e na Universidade Carlos III, non se dan este tipo de situacións. Isto débese por exemplo a motivos como a presencialidade requirida ao alumnado para a realización de prácticas de laboratorio e de taller. En Galicia, a xestión do alumnado entre Coruña e Ourense sería de gran complexidade debido a distancia entre as cidades, a non ser que o que se busque é unha duplicidade completa do título na Universidade da Coruña. Entón, o concepto interuniversitario xa perdería o sentido e debería falar abertamente de duplicidade de titulacións.
- Non existe no territorio español ningún mestrado en Enxeñaría Aeronáutica que se imparta nunha Escola que non teña os estudos de Grado de acceso, neste caso os estudos de Grao en Enxeñaría Aeroespacial. O Grao e o Mestrado Aeronáuticos son titulacións vencelladas que deben impartirse no mesmo centro formativo, xa que comparten medios humanos e infraestrutura.
- A Universidade da Coruña non ten a Área de Enxeñaría Aeroespacial con profesorado especialista formado, xa que non ten títulos neste eido tecnolóxico, co cal a formación do estudantado non estaría garantida.
- Non existe no territorio español ningunha evidencia que unha Escola de Enxeñaría de Camións imparta un Máster en Enxeñaría Aeronáutica habilitante para profesión regulada. Son dous eidos da enxeñaría diferentes e non hai evidencias que coexistan no mesmo centro formativo.
- Crear un polo docente en aeronáutica en Coruña descafeinaría a aposta realizada pola Xunta de Galicia no Campus de Ourense, desaproveitando a inversión en infraestrutura realizada por ela mesma.
- A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo recibe alumnado de toda Galicia, o que a converte nun centro saneado a nivel de estudantes e que contribúe a xerar tecido económico ao redor do campus (comercio local). Si se comeza un proceso de duplicación de estudos por parte de Universidade da Coruña, este proceso levará a un movemento de estudantes do Campus de Ourense a Universidade da Coruña, o que prexudicará ao comercio local entorno ao Campus (bares, restaurantes, papelerías, etc).

En base ao anteriormente explicado a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo solicita as institucións claridade neste tema e que se defenda a aposta polo Campus de Ourense e polos seus estudos aeronáuticos, de forma que manteñan a súa singularidade no Sistema Universitario de Galicia, tanto a nivel de Grao como de Mestrado Universitario, xa que son títulos que conducen as profesións reguladas de Enxeñeiro Técnico Aeronáutico e Enxeñeiro Superior Aeronáutico.